EXERCICIOS AUTOAVALIABLES DOCUMENTAIS

EXERCICIO 1

Repara na imaxes, di brevemente que ves e logo trata de identificar que tipo de paisaxe agraria e poboamento rural están a representar

Imaxe 1

Imaxe 2

Imaxe 3

Imaxe 4

Imaxe 5

Imaxe 6

EXERCICIO 2

Explica os seguintes termos:

1.- Actividade agraria

2.- Réxime de propiedade

3.- Poboamento intercalar

4.- Cultivo extensivo

5.- Denominación de orixe

6.- OCM

7.- PAC

8.- Caladoiro

9.- Cultivos industriais

10.- Produción Final Agraria

11.- Bocage

12.- Gandería estante

EXERCICIO 3

Completa o seguinte cadro e explica brevemente cales son os rasgos definitorios da modernización dos sistemas de cultivo que aconteceron en España nos derradeiros 50 anos:

MODERNIZACIÓN DOS SISTEMAS DE CULTIVO	
MECANIZACIÓN	
ESPECIALIZACIÓN DA PRODUCIÓN	
EMPREGO DE SEMENTES SELECCIONADAS E DOS TRANSXÉNICOS	
INCREMENTO DE EMPREGO DE ABONOS E FITOSANITARIOS	
MINIMIZACIÓN DOS CONDICIONAMENTOS NATURAIS	
AMPLIACIÓN DOS REGADÍOS	
MELLORA DA FORMACIÓN DOS LABREGOS	

RESPOSTAS

Exercicio 1

1. Na primeira imaxe observamos campos de cultivos grandes e sen separación física entre eles. A imaxe representa unha paisaxe agraria denominada OPENFIELD.

2. A segunda fotografía amósanos uns campos de cultivo de pequenas dimensións e ademais separados entre si por medio de valos e/ou sebes. A imaxe representa unha paisaxe agraria denominada BOCAGE.

3. A terceira imaxe documéntanos unha casa illada nun contorno rural. Fálanos dun POBOAMENTO ILLADO.

4. A cuarta foto representa un conxunto de vivendas xuntas QUE configuran unha aldea. Amósanos un POBOAMENTO CONCENTRADO.

5. A quinta ilustración preséntanos unha serie de casas dispostas ao longo dunha vía de comunicación. Represéntase neste caso un POBOAMENTO CONCENTRADO LINEAL.

6. A derradeira imaxe permítenos ver un agrupamento de vivendas na súa metade dereita e á esquerda desta unha serie de casas espalladas. Trátase, polo dito, dun POBOAMENTO INTERCALAR.

Exercicio 2

1.- Actividade agraria: conxunto de actividades económicas vinculadas tanto coa agricultura como coa gandería.

2.- Réxime de propiedade: elemento xurídico que alude ao propietario da terra, de quen a terra (independentemente de quen a traballe)

3.- Poboamento intercalar: refírese este termo a aquel asentamento de poboación caracterizado pola existencia de edificacións illadas entre núcleos concentrados

4.- Cultivo extensivo: extensións de terreos de tamaño considerable traballados con técnicas pouco evolucionados, con baixas inversións e que xeran curtas producións e escasos rendementos.

5.- Denominación de orixe: certificacións de calidade que se lle conceden a determinados produtos de áreas concretas e que aseguran certas características comúns e uns mínimos de calidade. Por exemplo Denominación de Orixe Rías Baixas para o viño.

6.- OCM: Organización Común de Mercado: acordos específicos que regulan a produción e o comercio dos produtos agrarios dos estados membros da UE. Con eles trátase de estabilizar os mercados, garantir ao campesiños un nivel de vida mínimo e incrementar a produtividade agraria.

7.- PAC: a Política Agraria Común é un conxunto de normas comunitarias referidas á actividade agraria. Os seus obxectivos básicos están establecidos no artigo 39 do Tratado de Roma: incrementar a produtividade, garantir un nivel de vida equitativo á poboación agrícola, estabilizar os mercados, garantir a seguridade dos abastecementos e asegurar ao consumidor subministros a prezos razonables. Para acadar os propostos obxectivos habilita unha serie de axudas e subvencións para os campesiños europeos.

8.- Caladoiro: lugares que, ao estaren dotados dunhas características determinadas (salinidade, temperatura das augas, desenvolvemento da plataforma continental…) son máis propicios para o desenvolvemento dos peixes e que polo tanto son os máis aptos para desenvolver as actividades pesqueiras. Lugares máis adecuados para pescar.

9.- Cultivos industriais: cultivos agrícolas que se destinan directamente á transformación industrial. Por exemplo o algodón ou o tabaco.

10.- Produción Final Agraria: e a magnitude (medida) básica para estudar e coñecer a economía agraria pois recolle o valor de todas as producións brutas de todas as unidades produtivas que constitúen o sector agrario (é dicir a suma do producido por todas as explotacións agrarias).

11.- Bocage: paisaxe agraria resultante da existencia de parcelas de tamaño reducido e que están separadas entre si por valos e/ou sebes.

12.- Gandería estante: cabana ovina explotada mediante o pastoreo libre, non está estabulada.

Exercicio 3

MODERNIZACIÓN DOS SISTEMAS DE CULTIVO	
MECANIZACIÓN	Increméntase o número e a variedade de máquinas empregadas nas tarefas agrarias, en moitos casos de xeito non adecuado, pois moitas das máquinas están infrautilizadas.
ESPECIALIZACIÓN DA PRODUCIÓN	Aproveitaranse aqueles cultivos que teñan maior produtividade e desestimaranse o resto. Partindo desta premisa pouco a pouco substituirase o policultivo polo monocultivo.
EMPREGO DE SEMENTES SELECCIONADAS E DOS TRANSXÉNICOS	Estas semente seleccionadas e os cultivos transxénicos desenvólvense coa idea de aumentar as colleitas traballando as mesmas extensión de terras. Os cultivos transxénicos son aqueles que teñen as súas características xenéticas alteradas para que podan producir máis, seren máis resistentes ás secas, a determinadas pragas...
INCREMENTO DE EMPREGO DE ABONOS E FITOSANITARIOS	Posibilitan incrementar as colleitas e combater as pragas que son prexudiciais para os cultivos.
MINIMIZACIÓN DOS CONDICIONAMENTOS NATURAIS	Desenvolvéronse diferentes prácticas para minimizar os efectos dos condicionantes naturais: a extensión de invernadoiros, os areados, cultivos hidropónicos ...
AMPLIACIÓN DOS REGADÍOS	Permitiu a diminución do barbeito e a potenciación da agricultura intensiva a conta da extensiva. O regadío consiste en aportarlle aos cultivos máis auga que a procedente das precipitacións. Os sistemas máis empregados para regar son: a manta ou por inundación, por aspersión e por goteo . O barbeito é unha práctica tradicional que consiste en deixar descansar a terra un tempo variable.
MELLORA DA FORMACIÓN DOS LABREGOS	Mellora da formación dos labregos. Permítelle aos traballadores do agro estar ao día nas novas técnicas e ser máis eficientes.